

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE VIVENDA

**6368** *Real decreto 410/2010, do 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos exixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación para o exercicio da súa actividade.*

A nova lexislación sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio obriga a adecuar a regulación das entidades e os laboratorios de control de calidade da edificación, atendendo á nova redacción do artigo 14 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, na redacción dada polo artigo 15 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que traspón parcialmente ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior.

O artigo 14 da Lei 38/1999 refírese ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, establece as obrigacións das entidades de control de calidade da edificación e dos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, e autoriza o desenvolvemento regulamentario dos requisitos técnicos exixibles para o exercicio da súa actividade en todo o territorio español.

As entidades de control de calidade da edificación non dispuñan ata o momento de desenvolvemento regulamentario básico de ámbito estatal que definise os requisitos exixibles para a adecuada prestación da asistencia técnica prevista no devandito artigo, polo que o seu campo actuación se amplía.

Pola contra, a actuación dos laboratorios de ensaios para o control da calidade da edificación foi amplamente regulada desde 1974, cando se aprobou o Decreto 2215/1974, do 20 de xullo, sobre homologación de laboratorios para o control de calidade da edificación, e as súas disposicións de desenvolvemento. Tras o traspaso de competencias ás comunidades autónomas, esta lexislación foi substituída polo Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, polo que se aprobaron as disposicións reguladoras xerais da acreditación de laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Este real decreto, en aplicación do artigo 15 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, polo que se dá nova redacción ao artigo 14 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, desenvolve regulamentariamente o dito artigo 14 e determina, con carácter básico, os requisitos de índole técnica e formal que deben satisfacer as entidades de control de calidade da edificación e os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación para o exercicio da súa actividade. Para o efecto define tanto os procedementos e métodos de inspección ou ensaio que utilizan na súa actividade tales entidades e laboratorios e as exixencias relativas a capacidade, persoal, medios e equipamentos adecuados e, no caso dos laboratorios, as condicións de seguridade, técnicas e ambientais, exixibles ás instalacións do establecemento físico onde realizan a súa actividade, como o contido da declaración responsable ou os procedementos para a xustificación da implantación do sistema de xestión da calidade.

Para tal fin, introdúcese o concepto de declaración responsable que deben presentar as entidades de control de calidade da edificación e os laboratorios de ensaios para o control da calidade da edificación ante o organismo competente da comunidade autónoma en que se sitúa a sede social ou profesional da entidade ou o establecemento físico do

laboratorio. Desta forma, posibilitase o exercicio inmediato da actividade, reducindo as cargas administrativas e simplificando o procedemento.

Para a plena efectividade e seguridade do sistema, prevese un réxime de inspección polas comunidades autónomas competentes sobre os requisitos definidos neste real decreto, ao se deben someter as entidades de control de calidade e os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación co fin de acreditar o principio de calidade dos servizos.

A determinación dos requisitos que deben satisfacer as entidades de control de calidade e os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación permite promover un elevado nivel da calidade dos seus servizos e incentivar que os prestadores aseguren de forma voluntaria a súa calidade mediante a avaliación ou certificación das súas actividades por parte de organismos independentes.

Para proporcionar a máxima transparencia ás actuacións das entidades de control de calidade da edificación e dos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación entre os axentes da edificación que poidan requirir os seus servizos, modifícase o artigo 4 da parte I do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, para permitir a inscrición no Rexistro Xeral do Código Técnico da Edificación das entidades de control de calidade da edificación e dos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación que cumpran os requisitos deste real decreto.

Para efectos de información, control, inspección e investigación e co fin de garantir a supervisión das entidades de control de calidade e dos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación e dos seus servizos, de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, facilítase a cooperación entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado mediante a modificación do Real decreto 315/2006, do 17 de marzo, polo que se creou o Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación, co fin de constituír a Subcomisión Administrativa para a Calidade da Edificación como órgano dependente da Comisión para a Calidade da Edificación, creada en virtude do artigo 3 do dito real decreto.

Na tramitación deste real decreto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, oíronse as comunidades autónomas e as entidades representativas das entidades de control de calidade da edificación e dos laboratorios de ensaios para o control da calidade da edificación, así como as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Este real decreto establece, con carácter de normativa básica estatal, os requisitos que deben satisfacer as entidades de control de calidade da edificación e os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, en desenvolvemento do previsto no artigo 14 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e considerando que a dita norma con rango legal non resulta ser o instrumento idóneo para regular tales requisitos, dado o seu carácter técnico, polo que precisan, atendendo ao seu contido, ser regulados mediante norma regulamentaria.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que se atribúen ao Estado nos artigos 149.1.16ª, 23ª e 25ª da Constitución española en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, protección do ambiente e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Vivenda, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer, con carácter básico, os requisitos exixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación previstos no artigo 14 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, para o exercicio da súa actividade en todo o territorio español.

2. Estes requisitos non serán exixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación establecidos noutro Estado membro da Unión Europea, cuxa prestación de servizos se realizará de acordo co previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para o efecto deste real decreto entenderase por:

1. Órgano competente: é o organismo designado pola comunidade autónoma.
2. Declaración responsable: é o documento suscrito polo titular da entidade de control de calidade da edificación e do laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación ou o seu representante legal, no cal manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos exixibles para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período que manteña a súa actividade como entidade de control de calidade da edificación ou como laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación.
3. Auditoría: informe dunha revisión do sistema de xestión da calidade que ten implantado unha entidade de control de calidade da edificación de acordo coa norma UNE EN ISO/IEC 17020 ou un laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación, de acordo coa norma UNE EN ISO/IEC 17025, que inclúe unha valoración do cumprimento dos requisitos exixibles ao devandito sistema, de carácter interno, cando o emite a propia empresa, ou externo, emitido por un organismo especializado e independente designado ou recoñecido polo órgano competente, en virtude das avaliacións favorables da súa competencia para a realización destas auditorías.
4. Avaliación técnica: informe sobre a aplicación dos procedementos implantados pola entidade de control de calidade da edificación ou polo laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación para a prestación da asistencia técnica que declara e a súa adecuación aos requisitos exixibles, emitido por un organismo especializado e independente, designado ou recoñecido polo órgano competente en virtude das avaliacións favorables da súa competencia para a realización destas avaliacións técnicas.
5. Certificación: documento de xustificación técnica da adecuación continua do sistema de xestión da calidade e dos procedementos implantados pola entidade de control de calidade da edificación ou polo laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación aos requisitos exixibles para a prestación da asistencia técnica que declara prestar, concedido por un organismo especializado e independente, designado ou recoñecido polo órgano competente en virtude das avaliacións favorables da súa competencia para a realización destas certificacións.

#### Artigo 3. *Requisitos exixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación.*

1. As entidades de control de calidade, en diante «entidades», deberán satisfacer os requisitos técnicos exixibles que se recollen no anexo I, no ámbito dos campos de actuación en que vaian prestar a súa asistencia técnica.
2. Os laboratorios de ensaios para o control de calidade, en diante «laboratorios», deberán satisfacer os requisitos técnicos exixibles que se recollen no anexo II para a realización dos ensaios e probas de servizo en que vaian prestar a súa asistencia técnica.

#### Artigo 4. *Declaración responsable das entidades e os laboratorios.*

1. As entidades e os laboratorios presentarán ante o órgano competente unha declaración responsable con carácter previo ao comezo da súa actividade. Esta declaración permitirá, con carácter indefinido, exercer a súa actividade en todo o territorio español á entidade como entidade de control de calidade da edificación nos campos en que declara

cumprir os requisitos exixibles, e ao laboratorio como laboratorio de ensaios para o control de calidade da edificación para a realización dos ensaios e probas de servizo para os cales declara cumprir os requisitos exixibles.

2. As declaracións presentaranse ante os órganos competentes de acordo cos criterios seguintes:

a) As entidades presentarán a declaración responsable ante o órgano competente da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio social ou profesional.

b) Os laboratorios presentarán unha declaración responsable por cada un dos establecementos físicos desde os cales presten os seus servizos e ante o órgano competente da comunidade autónoma onde estean radicados.

3. A declaración responsable adecuarase ao disposto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá o contido seguinte:

a) Os datos identificativos da entidade ou o laboratorio. As entidades que presten a súa asistencia desde distintos centros deberán declarar as súas localizacións e identificar a asistencia técnica que presten desde cada unha delas.

As entidades incluírán na súa declaración os campos de actuación en que presten a súa asistencia técnica de acordo co disposto no anexo I.

Os laboratorios incluírán na súa declaración a relación dos ensaios e probas de servizo en que vaian prestar a súa asistencia técnica de acordo co disposto no anexo II.

b) Manifestación de que cumpre os requisitos exixibles á entidade ou ao laboratorio, de que dispón da documentación que o acredita e de que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito exercicio, de acordo co disposto nos anexos I e II, respectivamente.

4. A declaración responsable poderase presentar polas canles previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 e por vía telemática, e deberá conter, polo menos, os datos que figuran nos modelos que se achegan no anexo III.

Para tales efectos, o Ministerio de Vivenda fará públicos a través da web ministerial os citados modelos para a presentación telemática, xunto cos anexos que se poden achegar.

5. As entidades e os laboratorios poderán facer constar na súa declaración responsable, para a súa posible valoración pola comunidade autónoma competente, que dispoñen de auditorías ou avaliacións técnicas favorables ou de certificacións.

6. As entidades e os laboratorios deberán comunicar calquera modificación dos datos incluídos na declaración responsable no momento en que se produza o cambio.

#### Artigo 5. *Réxime de inspección das entidades e os laboratorios.*

1. O órgano competente velará polo cumprimento dos requisitos exixibles a entidades ou laboratorios, para o cal poderá comprobar, verificar e investigar os resultados da asistencia técnica, así como inspeccionar as súas instalacións e os feitos, actos, elementos, actividades, estimacións e demais circunstancias que se produzan, de acordo cos procedementos que, de ser o caso, desenvolva.

2. As entidades e os laboratorios xustificarán ante o órgano competente, na forma que se estableza, que teñen implantado un sistema de xestión da calidade para as actividades de prestación da súa asistencia técnica e que dispoñen de documentación que así o acredita de acordo cos anexos I e II respectivamente.

3. O órgano competente fomentará e velará para que exista un elevado nivel da calidade dos servizos que deben prestar as entidades e os laboratorios. Para iso, promoverá que estes aseguren de forma voluntaria a súa calidade por medio da avaliación ou certificación voluntaria das súas actividades por parte de organismos independentes, que acrediten que satisfán os requisitos exixibles para a realización das actividades propias das entidades e dos laboratorios mediante auditorías, avaliacións técnicas e certificacións ou calquera outro procedemento admisible polo órgano competente.

4. Para iso poderá reducir as inspeccións que, de ser o caso, realice, cando a entidade ou o laboratorio acheguen auditorías, avaliacións técnicas e certificacións emitidas por un organismo especializado e independente, designado ou recoñecido polo órgano competente. Igualmente poderá valorar as acreditacións concedidas de acordo co Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, modificado polo Real decreto 338/2010, do 19 de marzo, no ámbito da calidade e a seguridade industrial, para as actuacións das entidades e laboratorios que poidan incidir nese ámbito.

*Artigo 6. Incumprimento dos requisitos exixibles ás entidades e aos laboratorios.*

Ao incumprimento dos requisitos exixibles ás entidades e aos laboratorios por este real decreto seralle aplicable o previsto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

*Disposición transitoria única. Réxime de aplicación.*

1. Os procedementos de acreditación de laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, de conformidade co Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, que se iniciaron con anterioridade ao 27 de decembro de 2009, data de entrada en vigor da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, tramitaranse atendendo ao seguinte:

a) Se o interesado presentou ou presenta en calquera fase procedemental anterior á resolución a oportuna declaración responsable, o expediente arquivarase.

b) Se o interesado manifesta expresamente a súa vontade de continuar a tramitación, o expediente concluírase mediante o outorgamento ou a denegación da acreditación solicitada, aínda que non resulte indispensable para o exercicio da actividade.

2. Os laboratorios acreditados antes da entrada en vigor deste real decreto, de acordo co previsto no Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, e a regulamentación específica da comunidade autónoma, seguirán prestando a súa asistencia técnica mediante a realización dos ensaios incluídos nas áreas en que estiveren acreditados, sen necesidade de presentaren a declaración responsable prevista neste real decreto. Non obstante o disposto na disposición derogatoria deste real decreto, os ditos laboratorios poderán optar durante o tres meses posteriores á entrada en vigor deste real decreto por realizaren os ensaios que se recollen na Orde FOM/2060/2002, do 2 de agosto, e na Orde FOM/898/2004, do 30 de marzo, de conformidade co exixido na normativa de obrigado cumprimento, ou por realizaren os métodos de ensaio de acordo co disposto neste real decreto. Transcorrido o prazo de tres meses citado, tales laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación deberán realizar os ensaios de conformidade co disposto neste real decreto.

3. As entidades de control de calidade da edificación que no momento da entrada o vigor deste real decreto estean acreditadas polas comunidades autónomas de acordo coa súa propia regulamentación, seguirán prestando a súa asistencia técnica sen necesidade de presentaren a declaración responsable.

*Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas as disposicións seguintes:

a. O Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, polo que se aproban as disposicións reguladoras xerais da acreditación de laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación.

b. A Orde FOM/2060/2002, do 2 de agosto, pola que se aproban as disposicións reguladoras das áreas de acreditación de laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación.



c. A Orde FOM/898/2004, do 30 de marzo, pola que se actualizan as normas de aplicación a cada área de acreditación de laboratorios.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 315/2006, do 17 de marzo, polo que se crea o Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación.*

O Real decreto 315/2006, do 17 de marzo, polo que se crea o Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación, modifícase no seguinte:

1. Engádesse ao artigo 3 o punto seguinte:

«3. A Comisión para a Calidade da Edificación estará asistida pola Subcomisión Administrativa para a Calidade da Edificación, SACE.»

2. Engádesse ao artigo 6 o punto seguinte:

«6. A Subcomisión Administrativa para a Calidade da Edificación, SACE, estará composta polos seguintes representantes:

- Dous representantes da Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda do Ministerio de Vivenda, un dos cales desempeñará a Secretaría;
- Un representante da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Fomento;
- Un representante da Dirección Xeral de Industria do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio;
- Un representante do Consello Superior de Investigacións Científicas do Ministerio de Ciencia e Innovación;
- Un representante da Federación Española de Municipios e Provincias;
- Un representante dos órganos competentes en materia de vivenda, arquitectura ou calidade da edificación de cada unha das comunidades ou cidades autónomas que decidan integrarse nesta comisión.

Os representantes anteriores serán designados polos titulares das unidades a que pertencen.»

3. Engádesse ao punto 2 do artigo 7 o seguinte parágrafo:

«A Subcomisión Administrativa para a Calidade da Edificación, SACE, con obxecto de asesorar a Comisión para a Calidade da Edificación, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Facilitar a cooperación entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado en relación coas actuacións de fomento da calidade na edificación e, en particular, respecto das condicións en que presten os seus servizos as entidades e os laboratorios de control de calidade da edificación.
- b) Propor a modificación dos requisitos exixibles ás entidades e aos laboratorios, a modificación de campos de actuación das entidades e grupos de ensaios dos laboratorios e a realización de actividades de avaliación e contraste entre eles,
- c) Propor o recoñecemento de organismos que realicen as auditorías, avaliacións técnicas ou certificacións das entidades e laboratorios.
- d) Propor procedementos e documentos de referencia de carácter prenormativo para a aplicación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación e do Código técnico da edificación.
- e) Participar nos traballos técnicos doutras comisións, grupos de traballo, comités de certificación ou ámbitos relacionados coa calidade da edificación e realizar as tarefas que, de ser o caso, lle encomende o Consello da Sustentabilidade,

Innovación e Calidade da Edificación, a súa Comisión Permanente ou a Comisión para a Calidade da Edificación.»

4. O artigo 8 queda redactado como segue:

«1. O Consello para a Sustentabilidade, Innovación e Calidade da Edificación e as comisións e subcomisións creadas por este real decreto rexeranse, en todo o non disposto nel, conforme o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.*

A parte I do Código técnico da edificación (CTE) modifícase no seguinte:

Engádesse ao punto 4 do artigo 4 a alínea seguinte:

«d) As entidades de control de calidade da edificación e os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación acreditados, así como os que presenten unha declaración responsable desde a entrada o vigor da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o 27 de decembro de 2009.

Tamén se inscribirán os documentos relacionados coas actuacións destas entidades e laboratorios seguintes:

- Os modelos para a presentación telemática das declaracións responsables das entidades e laboratorios para o control de calidade da edificación.
- Os contidos detallados de determinados campos de actuación das entidades, xunto cos procedementos de actuación aplicables.
- As relacións actualizadas dos ensaios dos laboratorios e as súas normas ou procedemento de execución, así como os modelos de relacións de ensaios que o laboratorio pode achegar á súa declaración responsable para detallar os ensaios que realiza dentro de cada campo de actuación.
- Os procedementos detallados de xestión dos ensaios dos laboratorios.
- A relación dos organismos que poden realizar as auditorías e avaliacións técnicas de entidades e laboratorios.
- A relación de organismos aceptados para a concesión das certificacións para as entidades e laboratorios.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que se atribúen ao Estado nos artigos 149.1.16ª, 23ª e 25ª da Constitución española, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, protección do ambiente e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma o 31 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Vivenda,  
BEATRIZ CORREDOR SIERRA

## ANEXO I

**Requisitos exixibles ás entidades de control de calidade da edificación**

1. As entidades de control de calidade da edificación deben satisfacer os requisitos seguintes:

a. Identificar os campos de actuación en que vaian prestar a súa asistencia técnica, conforme o indicado na epígrafe A deste anexo.

b. Ter implantado un sistema de xestión da calidade conforme coa norma UNE EN ISO/IEC 17020 «Criterios xerais para o funcionamento de diferentes tipos de organismos que realizan inspección», que defina os procedementos de verificación que utiliza para prestar a asistencia técnica nos campos en que declaran actuar, así como a capacidade, persoal, medios e equipamentos adecuados para iso.

2. Complementariamente ao anterior, as entidades poderán asegurar de forma voluntaria a calidade da súa asistencia técnica mediante a avaliación ou certificación voluntaria das súas actividades.

*A. Campos de de actuación*

1. O contido dos campos de actuación incluírá, entre outros, os aspectos da calidade da edificación seguintes:

- a. Estudos de terreo e do estado de conservación dos edificios;
- b. Verificación do cumprimento do CTE e demais normativa aplicable, en edificios de nova construción ou en rehabilitacións;
- c. Avaliación das prestacións do edificio ao longo da súa vida útil para verificar o cumprimento de cada unha das exixencias básicas da edificación do CTE e demais normativa aplicable;
- d. Supervisión da certificación da eficiencia enerxética dos edificios;
- e. Avaliación das prestacións de sustentabilidade, funcionais e espaciais dos edificios.

2. As entidades establecerán o alcance da súa prestación técnica nas fases do proxecto, da execución das obras e da vida útil do edificio en que interveñen.

*B. Requisitos dos sistemas de xestión da calidade das entidades*

1. O sistema de xestión da calidade que a entidade terá implantado debe satisfacer, polo menos, os criterios seguintes:

- a. Identificar os campos de actuación en que vaia prestar a súa asistencia técnica, conforme o indicado neste anexo.
- b. Definir os procedementos de verificación necesarios para prestar a asistencia técnica nos campos identificados previamente.
- c. Dispor dos medios materiais necesarios, así como de persoal coa adecuada formación profesional, técnica e regulamentaria, para o desempeño destas actividades.
- d. Demostrar que dispón da solvencia técnica necesaria para a prestación de asistencia técnica declarada, mediante o cumprimento dos requisitos exixibles.
- e. A entidade debe establecer e manter procedementos para a identificación, recompilación, codificación, acceso, arquivo, almacenamento, mantemento e disposición dos rexistros da calidade e dos rexistros técnicos. Os rexistros da calidade deben incluír os informes das auditorías internas e das revisións pola dirección, así como os rexistros das accións correctivas e preventivas.
- f. Asegurar a súa independencia, imparcialidade e integridade.

2. O sistema da xestión da calidade da entidade terá, polo menos, a documentación seguinte:

a. Documentos que definan os campos de actuación en que a entidade presta a asistencia técnica, con indicación das fases en que actúa: proxecto, execución das obras e vida útil do edificio.



b. Manual de calidade, que incluíra o alcance do sistema de xestión da calidade, os detalles deste, os procedementos xerais documentados, a descrición da interacción entre os procesos do sistema e o control da documentación e dos rexistros establecidos para evidenciar a conformidade cos requisitos do sistema.

c. Documentos relativos aos procedementos e rexistros de verificación da calidade necesarios para prestar a asistencia técnica en cada un dos campos de actuación en que declara prestar a súa asistencia técnica.

d. Ademais, poderase incluír entre a documentación do sistema de xestión da calidade a seguinte:

– A que acredite que dispón de auditorías internas ou externas, avaliacións técnicas favorables ou de certificacións a que se refire o artigo 2 deste real decreto.

– O xustificante que acredite ter un seguro de responsabilidade ou outros instrumentos de garantía como avais ou fianzas, adecuados ás asistencias técnicas que presta.

## ANEXO II

### Requisitos exigibles aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación

1. Os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación deben satisfacer os requisitos seguintes:

a. Relacionar e identificar os ensaios e probas de servizo que realicen conforme o indicado neste anexo.

b. Ter implantado un sistema de xestión da calidade de acordo coa norma UNE EN ISO/IEC 17025 «Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio», que defina os procedementos e métodos que utiliza na realización dos ensaios e probas de servizo en que preste a súa asistencia técnica, así como a capacidade, persoal, medios e equipamentos adecuados para iso.

c. Cumprir as condicións de seguridade, técnicas e ambientais exigibles a este tipo de instalacións.

2. Complementariamente ao anterior, os laboratorios poderán asegurar de forma voluntaria a calidade da súa asistencia técnica mediante a avaliación ou certificación voluntaria das súas actividades.

#### A. *Ensaio e probas de servizo*

Os laboratorios definirán a relación de ensaios e probas de servizo para o control da calidade da edificación que realicen, que, con carácter indicativo, se agrupan como segue:

- a. Ensaio de xeotecnia.
- b. Ensaio de vías.
- c. Ensaio de probas de servizo.
- d. Ensaio de estruturas de formigón estrutural.
- e. Ensaio de estruturas de aceiro estrutural.
- f. Ensaio de obras de albanelaría.

#### B. *Requisitos dos sistemas de xestión da calidade dos laboratorios*

1. O sistema de xestión da calidade que o laboratorio terá implantado debe satisfacer os criterios seguintes:

a. O persoal deberá ter a titulación, a formación e os coñecementos necesarios para desempeñar as funcións que se lle asignen no laboratorio. Para isto o sistema de calidade do laboratorio preverá a cualificación de cada posto, o plan de formación do persoal e os rexistros correspondentes.

b. As instalacións do laboratorio onde se realizan os ensaios, incluídas, entre outras, as fontes de enerxía, iluminación e condicións ambientais, deben permitir e facilitar a correcta realización dos ensaios.

c. Os laboratorios utilizarán os métodos de ensaio e de calibración, de ser o caso, normalizados. O laboratorio debe dispor de instrucións sobre o uso e o funcionamento de todos os equipamentos relevantes.

d. O laboratorio debe estar equipado con todos os medios de mostraxe e equipamentos de medida e ensaio necesarios para a correcta realización dos ensaios e calibracións, de ser o caso, e de procesamento e análise de datos sobre ensaios en que presta a súa asistencia técnica.

e. Os equipamentos de medida e de ensaio utilizados no laboratorio deberán ser verificados e, de ser o caso, calibrados, antes da súa posta en servizo e posteriormente cando o sinale o programa de mantemento, verificación e calibración do laboratorio.

f. Cando un laboratorio subcontrate ensaios contidos nun campo técnico por motivos imprevistos, o traballo debe asignarse a outro laboratorio que cumpra os requisitos exixibles. O laboratorio debe informar por escrito o cliente da situación e, cando cumpra, obter a aprobación do cliente, preferiblemente por escrito. O laboratorio remitirá as actas de resultados do laboratorio subcontratado ao seu cliente.

g. O laboratorio debe establecer e manter procedementos para a identificación, recompilación, codificación, acceso, arquivo, almacenamento, mantemento e disposición dos rexistros da calidade e dos rexistros técnicos. Os rexistros da calidade deben incluír os informes das auditorías internas e das revisións pola dirección, así como os rexistros das accións correctivas e preventivas.

h. Dos resultados de cada ensaio ou serie de ensaios debe informar o laboratorio en forma exacta, clara, non ambigua e obxectiva, de acordo coas instrucións específicas dos métodos de ensaio.

i. Asegurar a súa independencia, imparcialidade e integridade.

2. O sistema da xestión da calidade do laboratorio terá, polo menos, a documentación seguinte:

a. Relación dos ensaios e probas de servizo con que o laboratorio presta a asistencia técnica requirida.

b. Manual de calidade que incluírá o alcance do sistema de xestión da calidade, cos detalles deste, os procedementos xerais documentados, a descrición da interacción entre os procesos do sistema e o control da documentación e dos rexistros establecidos para evidenciar a conformidade cos requisitos do sistema.

c. Documentación que xustifique que o establecemento onde realiza a actividade como laboratorio cumpre as condicións de seguridade, técnicas e ambientais exixibles a este tipo de instalacións.

d. Documentos relativos aos procedementos e rexistros de verificación da calidade necesarios para a realización dos ensaios ou probas de servizo indicados na súa declaración responsable.

e. Os certificados de calibración externa e interna dos equipamentos de ensaio.

f. Ademais, poderase incluír entre a documentación do sistema de xestión da calidade, a seguinte:

– A que acredite que dispón de auditorías internas ou externas, avaliacións técnicas favorables ou de certificacións a que se refire o artigo 2 deste real decreto.

– A xustificación que acredite ter un seguro de responsabilidade ou outros instrumentos de garantía como avais ou fianzas, adecuados ás asistencias técnicas que presta.

## ANEXO III

### Modelos de «Declaración responsable»

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DA ENTIDADE DE CONTROL DE CALIDADE DA EDIFICACIÓN:

A entidade \_\_\_\_\_

Don/Dona \_\_\_\_\_,  
con DNI n.º \_\_\_\_\_, como representante legal da entidade citada, con domicilio  
social na r/ \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_,  
código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_ e CIF \_\_\_\_\_,

#### DECLARA:

– Que a entidade cumpre as condicións establecidas no Real decreto \_\_\_\_/2010,  
do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, polo que se desenvolven os requisitos exixibles ás entidades de  
control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade  
da edificación para o exercicio da súa actividade.

– Que dispón da documentación que así o acredita de acordo co disposto no anexo I  
do citado real decreto:

– Que presta a súa asistencia técnica nos campos de actuación e nas fases do  
proxecto, a execución das obras ou a vida útil do edificio seguintes:

– Campo \_\_\_\_\_

Fase \_\_\_\_\_

– Campo \_\_\_\_\_

Fase \_\_\_\_\_

– Campo \_\_\_\_\_

Fase \_\_\_\_\_

– Campo \_\_\_\_\_

Fase \_\_\_\_\_

– Que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo  
inherente ao exercicio ou desenvolvemento da actividade e a notificar ao órgano competente  
calquera modificación que afecte a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(Sinatura e selo)

Asdo.:.....

(Nome e apelidos)

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LABORATORIO DE ENSAIOS PARA O CONTROL DE CALIDADE DA EDIFICACIÓN:

O laboratorio \_\_\_\_\_

Don/Dona \_\_\_\_\_,  
con DNI nº \_\_\_\_\_, como representante legal do laboratorio citado, con establecemento físico desde o cal presta os seus servizos situado na r/ \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_ e CIF \_\_\_\_\_

### DECLARA

– Que este establecemento físico cumpre as condicións establecidas no Real decreto \_\_\_\_\_/2010, do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, polo que se desenvolven os requisitos exhibibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación para o exercicio da súa actividade.

– Que dispón da documentación que así o acredita de acordo co disposto no anexo II do citado real decreto

– Que presta a súa asistencia técnica:

1. Nos ensaios e probas de servizo dos campos que figuran no anexo II do citado real decreto, que se detallan a continuación:

– Ensaaios de \_\_\_\_\_

Ensaaios regulamentarios \_\_\_\_\_

Outros ensaios: \_\_\_\_\_

– Ensaaios de \_\_\_\_\_

Ensaaios regulamentarios \_\_\_\_\_

Outros ensaios: \_\_\_\_\_

– Ensaaios de \_\_\_\_\_

Ensaaios regulamentarios \_\_\_\_\_

Outros ensaios: \_\_\_\_\_

2. Nos ensaios e probas de servizo que se sinalan nas relacións de ensaios que se xuntan.

– Que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao exercicio ou desenvolvemento da actividade e a notificar ao órgano competente calquera modificación que afecte a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(Sinatura e selo)

Asdo.:.....

(Nome e apelidos)